

# Actas do **S**impósio Ricardo **Carvalho** Calero Memoria do **S**éculo

Edición de  
Teresa López e Francisco Salinas



Editan:

© **Departamento de Galego-Portugués,  
Francés e Lingüística  
da Universidade da Coruña**  
Campus de Elviña, s/n. A Coruña

© **Asociación Sócio-Pedagóxica Galega**  
r/ Laracha, 9, entrechán  
15010 A Coruña  
Teléfono e fax: 981 27 82 59

Deseño gráfico do Simposio: Torné Asociados

Deseño da edición e maquetación: Antonio Souto

Impresión: Imprenta Provincial

Dep. Legal: C-617-02

I.S.B.N.: 84-89679-66-5

I.S.B.N.: 978-84-9749-767-1 (electrónico)

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497671>

# Actas do **S**impósio Ricardo **C**arvalho Calero Memoria do **S**éculo

Edición de Teresa López e Francisco Salinas

Organizan:



Colaboran:



# Organización

---

Departamento de Galego-Portugués,  
Francés e Lingüística da Universidade da Coruña  
Asociación Sócio-Pedagóxica Galega

## Presidencia de Honra

---

M<sup>a</sup> Ignacia Ramos.

## Comité Científico

---

Prof<sup>a</sup> Doutora M<sup>a</sup> Victoria Carballo-Calero Ramos (Universidade de Vigo).  
Isaac Díaz Pardo.  
Francisco Fernández del Riego.  
Prof. Doutor Justo González Beramendi (Universidade de Santiago de Compostela).  
Prof. Doutor Basilio Losada Castro (Universitat de Barcelona).  
Prof<sup>a</sup> Doutora María Camino Noia Campos (Universidade de Vigo).  
Prof. Doutor José Luis Rodríguez Fernández (Universidade de Santiago de Compostela).  
Prof. Doutor Jurjo Torres Santomé (Universidade da Coruña).

## Comité Organizador

---

**Coordenación:** Teresa López (Universidade da Coruña), Francisco Salinas Portugal (Universidade da Coruña).

**Presidente:** Carlos Paulo Martínez Pereiro (Universidade da Coruña).

**Vicepresidente:** Alberte Ansede (Asociación Sócio-Pedagóxica Galega).

**Vogais:** Pola Universidade da Coruña: Manuel Ferreiro, Xosé Ramón Freixeiro, Elisardo López Varela, Luciano Rodríguez, Goretti Sanmartín e Laura Tato.

Pola Asociación Sócio-Pedagóxica Galega: Xoán Costa, Teresa Fiaño, Anxo Gómez Sánchez e M<sup>a</sup> Xosé Bravo.

**Secretario:** Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)

**Secretaría do Simposio:** María Calvo, Xoán Carlos Lagares.

# Índice

<b>Presentación</b>	7
<b>Prólogo</b>	
José Luis Meilán Gil .....	9
<b>Conferencia Inaugural</b>	
Ricardo Carvalho Calero, Gallaecia Magna. José Luís Rodríguez .....	11
<b>A investigación lingüística e literaria</b>	29
<b>Como sair do cerco. A legitimación galeguista da Literatura Galega por Carvalho Calero e a génese da súa centralidade no campo da crítica literaria.</b> Elias J. Torres Feijó ....	31
<b>A obra lingüística de Carvalho Calero.</b> Ramón Mariño Paz .....	67
<b>A narrativa</b>	107
<b>A narrativa de Carvalho Calero na encrucillada dos anos cincuenta.</b> Manuel Forcadela .....	109
<b>A descrición na obra narrativa de Carvalho Calero. Análise retórica e hermenéutica.</b> Arturo Casas .....	119
<b>Do carácter híbrido na narrativa breve de Carvalho Calero. (Da ambigua verdade intempestiva de <i>Aos amores seródios</i>).</b> Carlos Paulo Martínez Pereiro.....	137
<b>A poesía</b>	161
<b>O discurso metapoético de Ricardo Carvalho Calero.</b> Xosé María Álvarez Cáccamo .....	163
<b>As pegadas de Manoel Antonio na poesía de Ricardo Carvalho Calero.</b> Kathleen March ....	171
<b>Carvalho Calero. Mitos para un exilio.</b> Pilar Pallarés .....	183
<b>O teatro</b>	203
<b>Carvalho Calero: o Teatro e a Vida.</b> João Guisan Seixas .....	205
<b>Carvalho Calero no diagrama da comunicación dramática. Carballo, poeta dramático e ironista.</b> Araceli Herrero Figueroa .....	227
<b>A intervención política e cultural</b>	249
<b>O compromiso cultural de Carvalho Calero: a reintegración lingüística galego-portuguesa.</b> José-Martinho Montero Santalha .....	251
<b>Reflexións sobre a Segunda República.</b> Xosé Ramón Barreiro Fernández .....	263
<b>Carballo Calero, un xove nacionalista. 1926-1936.</b> Justo Beramendi.....	281
<b>O home</b>	295
<b>Algúns recordos de Carvalho Calero.</b> Isaac Díaz Pardo .....	297
<b>Ricardo Carvalho Calero: a elegancia do intelectual comprometido.</b> Miguel Anxo Fernán-Vello.....	301
<b>O professor, o mestre, o amigo: evocación saudosa.</b> Aurora Marco.....	309
<b>Clausura do Simposio</b>	
<b>Carvalho Calero novelista.</b> Darío Villanueva.....	323
<b>Apéndices</b>	341
<b>Apéndice fotográfico.</b> .....	343
<b>Ricardo Carvalho Calero escribe a Xosé Filgueira Valverde. Dados para a antoloxía da poesía galega do ano 1936.</b> Teresa López.....	349

# 3

## Carvalho Calero: mitos para un exílio

Pilar Pallarés

DOI: <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497671.183>

### I.

---

Na homenaxe que sob o título *Estudos dedicados a Carvalho Calero* fixeron recentemente –e non sen tempo– o Parlamento de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela ao noso añorado profesor, recoñecía Basilio Losada a súa parte de culpa na incompreensión e no escaso recoñecemento que a obra de criazón en xeral e a poética en particular de don Ricardo tiveron durante moito tempo (Losada 2000). Hai nela –mui especificamente na súa poesía– elementos abondo para xustificaren as reticencias: o seu carácter estraño, case sempre a contrarrente da poesía galega, con moitas máis relacións cos procesos literarios europeos que co noso; as súas feizóns heteroxéneas, aparentemente contraditorias: coexistencia conflitiva do Simbolismo e da reflexión siloxística e racionalista, da procura transcendente de xinea finisecular e da descrenza das Vanguardas, da recriazón mítica e do prosaísmo, do confisionalismo e do distanciamento irónico e por veces profesoral...

Mais sendo todo o anterior verdade, ten tamén a súa parte de tópico e de mentira. A súa obra poética estivo plenamente inserida na Vanguarda galega, da que el foi un dos principais protagonistas como criador e como precoz crítico e historiador; os ecos do Simbolismo e o desacougo existencial e mesmo existencialista en obras das décadas de 50 e 60 aproximan-na á de Luís Pimentel, Casado Nieto, Xosé María Álvarez Blázquez, os autores xovens da “Escola da Tevra”; *Futuro condicional* (1961-1980), *Cantigas de amigo e outros poemas* (1980-1985) e *Reticencias...* (1986-1989) están en plena concordancia cos novos rumos poéticos da denominada Poesía de 80, xa adiantados por Cunqueiro, por Avilés de Taramancos, por Díaz Castro, por el mesmo. A ignorancia ou o non recoñecemento da íntima relación dos camiños de Carvalho Calero poeta cos transitados pola nosa poesía en xeral teñen moito a ver cos tópicos a respecto dunha Vanguarda negada ou metoni-



micamente reduzida á figura de Manuel-António, coa infravalorización do Existencialismo na nosa literatura do meio século, co silencio co que o labor poético de Carvalho foi acollido nos 80. Algo de responsabilidade tivo el nesta situación, ao relegar a súa poesía –ao menos no que di ao contacto co público leitor– nos tempos en que a elaboración da *Historia da literatura galega contemporánea* (1963) ou da *Gramática elemental del gallego común* (1966) e a consolidación do estudo da nosa lingua e da nosa literatura na Universidade parecían máis urxentemente necesarios para a colectividade; mais o descoñecimento de Carvalho como poeta ven sobretudo motivado pola marxinação e crítica feroz ás que foi submetido polo “holding”, como el costumava dizer. Sabia-o. El é seguramente ese “poeta verdadeiro”, pudorosamente protexido polo distanciamento da terceira persoa, de *Reticências...*:

Verdadeiro poeta foi. Nom escreveu  
para os poetas. Cantou  
para os homes. Aqueles,  
monstruosamente desumanos,  
nom o admitirom nos seus coros,  
porque desentoava  
a súa clara voz  
da balbúrdia a maotenta  
que eles obscuramente articulavam.  
A poesía é demasiado séria  
para que se administre  
tecnocraticamente.  
Mas eles nom pensavam assi. Criam  
num corporativismo autoritário.  
Quanto aos homes, nom lêem  
as revistas, os libros de poesía.  
Mas ouvirom alguns  
aquela voz, e crerom  
que era a súa propia:  
assi que lhe prestarom atención,  
porque nada interessa tanto a um  
como um mesmo. E ficarom admirados  
do bem que se exprimiam.

Este foi o destino do poeta  
verdadeiro. Os seus colegas  
o seu nome apagarom  
no escalafom que editam  
profissionalmente. El nom estava sindicado.



Os homes que o escuitarom  
e crerom escuitar-se,  
tamém nom conhecerom o seu nome,  
naturalmente, o nome del.  
Excomungado, anónimo,  
viveu, morreu. Já somente eu o lembro.  
Poeta verdadeiro.

Igualmente inxusto é ficarmos, desde unha perspectiva crítica, nas aparicións de dispersión, heteroxeneidade e contradicións da obra carvaliana. Esta pode non ser doadamente abranxíbel en gavetas clasificatorias, mais é esa unha das súas riquezas. Por outra banda, e nunha lectura atenta, pode-se perceber nela unha cosmovisión propia que a sustenta e lle dá unidade e coherencia desde os primeiros poemas –os de *Vieiros* (1931) e as publicacións da Vanguarda– até os dos derradeiros anos. Falamos de trazos e motivos omnipresentes e persistentes –a muller nas súas feicións de “femme fatale”, ser carnal e divino, obxecto das “descriptio puellae”, suxeito e destinatária dunha paixón que pon en perigo toda norma; a reflexión sobre o erotismo; o humor e as armas da ironía; as intromisións anti-poéticas do lingüista, do crítico da literatura, do que aprendeu a ver a beleza do cotidiano e até prosaico–, mais sobretudo do conflito existencial que a sostén: o de ver-se o autor, polifónicamente representado por diferentes vozes poéticas, como “ser que sabe e nom vive” (*Reticências...*, páx. 10), como criatura incapacitada polo peso da consciencia e da razón para fruir da existencia –nos seus límites e na súa carnalidade–, empeñado decote nunha loita heróica e fracasada por superar as fronteiras do humano e finito e acceder ao Alén, á transcendencia. Abonda con confrontar un poema como “Filosofía”, de *Vieiros* (1931), con múltiples textos dos tres últimos libros. O Carvalho xuvenil sabe xa que “A vida non é máis que o camiño da morte...”, que son só espellismos “O verso. / A muller. / A estrela”, que nunca será súa a filosofía de Anacreonte e dos devoradores gozosos da existencia:

Non collamol-as froes do pracer!  
Desfollemol-a fror do corazón,  
esa rosa bermella!  
Coidemos ben que vímos do ventre da muller  
e que ímos pra o ventre da terra!

O Carvalho xa ancián continua a recoñecer-se como “umha consciencia pessoal doente” (*Reticências...*, páx. 14), reflicte-se sombríamente no suicida que no poema 18 do mesmo libro surprende a todos pola



sua aczón inesperada, froito talvez de que “Pensava mais da conta, quiçá. / Quiçá filosofava. / Filosofar é propriamente nom viver. / Viver é propriamente nom filosofar. / E deixou de viver. Filosoficamente /”, protesta lembrando que “Umha liçom de geografia económica / nom é farinha para o coração” cando este esixe o alimento da infinitude e é obrigado a se ter que conformar co pan das fames materiais (páx. 22). É o insolúvel conflito humano que tan lúcida e formosamente se reco-lle en tantos poemas de *Reticências...*:

O finito é miséria, e o infinito  
nom está ao noso alcanço. Fauna estranha  
a humana fauna, cuja essência incide  
em superar a sua própria essência.

Toda a criatura em ser o que é baseia  
a sua existência. A pomba quer ser pomba;  
o bido, bido; como a pedra, pedra.  
Fam-no o melhor que podem, e isso é todo.

Submissos à sua própria natureza,  
som o que som; só o home é o que nom é.  
A essência do milhafre é ser milhafre.  
A essência do home é transcender o home.

Supomos que o cavalo, a vaca, a ovelha,  
como o freixo, o pinheiro e o carvalho,  
o mármore, a pizarra, o açougue som  
o que os seus nomes dim, e aceitam sê-lo.

Mas o home é home enquanto quer ser mais  
que home; a sua essência é aspirar à essência  
do que é inumano e que chamamos Deus;  
finito que pretende a infinitude.

Mas a criatura que quer ser criador,  
nega a sua própria essência, e umha essência  
assume negativa. Negaçom  
o home é do home, mas assi só é home.

No espelho da água que no mato encora,  
olha-se a rula, e bela reconhece-se.  
O salgueiro contempla-se no rio,  
e a cabeleira verde acha formosa.



Criaturas em paz com quem as fijo,  
como som querem ser, piadosamente.  
Viver aceptam e morrer segundo  
os planos con que forom desenhadas.

Só a criatura humana se rebela  
contra os desígnios com que Deus a traça;  
desde que o fruto da árbore da ciência  
provou, nom menos que a ser Deus aspira.

Consigno em paz, o mundo vive e morre.  
Consigno em guerra, o home morre e vive.  
Vive morrendo por ser mais que home.  
Nel só, o finito ao infinito tende.

Deus criou-no de barro, mas soprou  
na sua boca para dar-lhe vida.  
Umha pinga de orvalho desse alento  
imortal, penetrou-no até as entranhas.

Algo assi de divino essa criatura  
crê ser, criada a image e semelhança  
do seu criador. Vislumbre de infinito  
a semelhança, a identidade anseia.

Ser finito e esmorecer na nostálxia insolúvel do infinito é o drama dos que como o próprio Carvalho pertencen á estirpe dos que el denomina “fillos de Eva”. Frente a eles, os “fillos de Lilith”, a primeira muller de Paraíso, viven na feliz conformidade co que lles foi dado, fruindo dunha existéncia gozosa nun Edén sensual e carnal. “A Álvaro Cunqueiro, 1980”, poema de *Futuro...* composto cando o mindonien- se foi recebido por Carvalho no acto de nomeamento como doutor “honoris causa” pola Universidade de Compostela, confronta as duas maneiras de estar na vida:

Ai, Álvaro Cunqueiro: ti, fillo de Lilith,  
primeiro amor de Adán,  
non sujeita ao pecado,  
vas escribendo a crónica dos días  
anteriores à serpente e à árbore,  
cando eran inocentes o bico e o belisco  
e aniñaban nas nubes as sereias e os anjos.

Os tristes fillos de Eva  
mordemos as mazás que se desfán en cinza.  
Ainda nados polos mesmos anos,  
amargurou a nosa vida  
o zumo do admitido e do vedado.  
Mais os dous somos fillos de Adán,  
criado do po, mais semellante a Deus.  
Que el teña piedade das nosas almas, Álvaro.  
Por riba de Lilith, de riso tolo e lume,  
e de Eva, de terra e doce pranto,  
na fraternidade paterna, vello Álvaro,  
recebe a aperta do teu irmán  
Ricardo.

O motivo reaparece en “Para o doutor Cunqueiro”, evocazón do amigo recentemente falecido que don Ricardo publica en *Grial*, “Homenaxe a Álvaro Cunqueiro”, nº 72, Abril-Maio-Xuño 1981, Vigo:

Álvaro novo, alto, delgado, maino, anxélico, como un Rimbaud fillo de Lilith, e non de Eva, un poeta paradisíaco, un poeta anterior ao pecado orixinal, porque a primeira muller de Adán foi Lilith, que non Eva, e foi a segunda muller de Adán a que introduciu o pecado no mundo (...), fillo dunha raza ceibe da demoníaca cobiza de ser como un Deus, raza sobre a que non estaba suspensa a damóclea espada de fogo que nega aos tristes fillos de Eva o regreso en carne mortal ao paraíso (...). Poeta cubista, suprarrealista, vanguardista, neotrovadorista, o fillo de Lilith, ignorante do mal, porque a súa nai non mordera o froito da ciencia, compuña as súas cancións edénicas, mentres eu, fillo de Eva, me amarguraba a boca coa cinza das mazás terrestres

Temos indicado noutro lugar (Pallarés 1992) que os dous textos nos parecen especialmente reveladores e fornecen unha clave importantísima para entender toda a obra poética –e non só– carvalliana.

## II. UN FILLO DE EVA NO TEMPO DA DESMITOLOXIZAZÓN E DA DESACRALIZAZÓN

---

1. En 1928 un precoz Carvalho publica na editora de *El Correo Gallego* (Ferrol) o poemário en español *Trinitarias*. En 1931 sai do prelo da editorial nacionalista Nós, que dirixía Anxel Casal, *Vieiros*, libro que mistura un Simbolismo humano cheo de pegadas rubenianas, co imaxismo, a intranscendencia, o ludismo e a iconoclastía da Vanguarda racional, criacionista. E á par destes dous rumos, textos



como “Abisag” e “A estéril”, en torno aos motivos tan caros sempre a Carvalho do amor Vello-Moza e da “femme fatale” –aquí con todas as feizóns da modernidade– e o xa mencionado “Filosofía” e “Evocazón da infancia perdida”, que adiantan o conflito padecido polos “fillos de Eva”. En realidade, os tres rumos que sinalamos son manifestazóns diversas dunha mesma incapacidade para se conformar cos límites humanos e da constatación –ou máis ben polo momento da intuición– de estar toda tentativa de ultrapasar eses límites e acceder á transcendencia condenada ao fracaso: a crenza simbolista no Alén deriva en *Vieiros* en procura difusa dun tópico Ideal e manifesta-se en poemas que xamais chegan a ser “imaxes da alma”, xa que están construídos desde unha omnipresente e torturada racionalidade que dinamita o Simbolismo do que teoricamente se parte; a iconoclastia e o gosto pola “bagatela” do Criacionismo carvalliano son froito da ironía e da descrenza dun tempo, o das Vanguardas, convulso e caótico, no que o artista duvida da súa capacidade para achar sob a fragmentazón a unidade e non consegue acreditar en máis deuses que os da modernidade –a máquina, a velocidade...–; os textos máis persoais mostran lucidamente o drama de quen non pode vivir por exceso de reflexión e non pode deixar de reflexionar por achar esta vida estreita e limitada, un sucedáneo da verdadeira vida.

En *O silencio axionllado* (Nós, 1934) a intranscendencia e a ironía vanguardistas, agora triunfantes, arrasan calquer eco do Absoluto e o poeta parece deixar-se fascinar por un momento pola posibilidade de ser el propio un pequeno deus criador, á maneira huidobriana, e polo encanto dese mundo auroral dun recién nado século XX: o que Cunqueiro presenta no inxenuísta *Poemas do si e non* (1933), o do “Nacemento” de Carvalho, tan ánti-convencional e lúdico.

**2.** Mais esa aproximazón de Carvalho á cosmovisión propositadamente inocente e optimista do Cunqueiro vanguardista é circunstancial e nace do esforzo por aprender a ser un “fillo de Lilith”. Até teríamos que recoñecer que tamén Cunqueiro loitou decote por ignorar as faces infernais da existencia –esas que levan o seu don Hamlet ao suicidio e son pesado fardel de sombra e culpa en moitos poemas de *Herba aquí ou acolá* (1980)– e insistiu en crer no que sabia só froito da súa imaxinazón, da súa teima de soñador dun mundo lizgairo, anterior ao pecado, habitado por seres humanos, obxectos e animais en perfecta comunión, satisfeitos de ser.

Cunqueiro responde ao Mal virando as costas e facendo que o ignora. Falamos do Mal como concepto, mais tamén das súas manifestazóns

concretas nunha época que marcou para sempre a aqueles que a vivéron. Alguén escribeu, algures: “Pensou alguén, algunha vez, que naquela guerra só morreron os mortos?”.

Nesa guerra, a do 36, loitou Carvalho como oficial voluntario do Exército Republicano. Non o mataron: foi obrigado a vagarosamente ir morrendo entre cárceres, inabilitazóns, censura, silencio, baixo “os ollos múltiples e insones / de Medusa”, como con arrepiante precisión lembra nun poema de *Reticências...*:

Como podemos  
viver?  
(...)  
Muitos morreron, mas  
nom falo agora desses mortos; falo  
dos que tiveron que viver morrendo  
entre os seus matadores, lendo a imprensa  
que de lama os enchera, saudando  
as insígnias contra as quais militaram.  
Como podemos viver? E mais vivémos.

Talvez como salvazón, o Carvalho de posguerra, o de poemas dados a coñecer en publicazóns periódicas como *Alba* (A Coruña-Vigo), *Aturuxo* (Ferrol), *Vida Gallega* (Vigo) ou *La Noche* (Compostela) e o de libros como *Anxo de terra*, editado pola pontevedresa “Colección Benito Soto” en 1950, e *Poemas pendurados dun cabelo* (1952, Xistral), tenta recuperar a fe na transcendência e retoma moitos dos motivos da cosmovisión simbolista. Somos todos “anxos de terra”, coa ambivalencia dos dous conceptos contraditoriamente enlazados: o da espiritualidade anxélica e o da lama humana; símbolo da nosa materia podrecente. O poeta quere crer que é anxo degradado, mais anxo ao cabo, como en “O sexo do anjo”, poema do que na súa versión definitiva en vida Carvalho titulou *O silencio ajoellado*<sup>1</sup>: un “Hermes cristián”, “ave que aniñas da frouma dos mestos cabelos do Padre”, mediador entre el e o mundo de exilio en que moramos. Afinal, agora xa en *Anjo de terra* –coa ortografía actualizada de *Pretérito imperfecto* (1980) –impón-se a constatación de ser este desterro o noso destino final. Desterro arquetípico, con ecos simbolistas, mais tamén histórico e social, nun mundo onde campan o terror e a inxustiza e o peso da consciencia –sempre a condena dos “fillos de Eva”– impede calquer posibilidade de fruición ou simplemente reconciliación. Como no “Retrato de poeta”, inspirado no que de Carvalho fixera o pintor Tomás Barros:

---

<sup>1</sup> Salvo cando non figuran na colectánea que ven sendo *Pretérito imperfecto* (1927-1961), os poemas de Vieiros, *O silencio ajoellado*, *Anjo de terra* e *Poemas pendurados dun cabelo* son citados coas modificacións, sobretudo ortográficas, definitivas de Carvalho.



Adán e Eva,  
dous monifates de pintado azúcar,  
aspergidos de follas e mazás,  
parolan baixo as ponlas proibidas,  
cingidos pola serpe.  
E as orellas do poeta  
medran atal as dun sátiro triste  
no seu rosto de lama  
cujos ollos ja leron os oráculos  
e cujas moas ja non roen a vida  
como a carne dunha deusa cazada  
na fraga do solpor.

Hai ainda momentos en que o ser humano, home explicitamente neste poemario, esquece case e olla gorentoso o verdor e vizosidade do mundo –a natureza, a muller, a vida xoven–, mais retorna sempre a consciéncia: a de que o Verdor agacha no seu cerne a destruíción, a de que nengún espectáculo de aquí poderá tirarlle a saudade do Azul do que nos exiliaron. En van o convidará o “melro; / mouro doutor, na sua alta cadeira / a randear, cingido en fraque, o corpo. (...) Lareto manjador de zreijas”, ao disfrute inconsciente da nosa finitude:

Ven ti acó, ao ar ceibe,  
ao enxebre reino da solta noncuranza,  
da vida ingel, sen o fero instrumento  
do coidado ou a verba que é o seu calco

Non é doado acreditar no Absoluto dos simbolistas cando se é fillo dun século atravesado pola iconoclastía vanguardista e polo horror histórico, mais sobretudo cando se tenta acceder a el desde a razón. Como temos xa sinalado,

a poesía de Carvalho é desde o inicio a dun racionalista, a dun especulativo. Os seus textos son construcións cerebrais, reflexións sobre o vaivén do ser humano entre o Aquén e o Alén e sobre a súa incapacidade para acceder a este. Nunca –ou case nunca– ‘imaxes de alma’ nas que co símbolo e a suxeréncia nos sexa transmitida a plenitude que define o ámbito edénico. O poeta visionario enxerga o Absoluto através da intuición emocional e a irracionalidade; Carvalho non escribe desde a emozón, nen consciente nen subconsciente, senón que medita sobre ela. Poesía simbolista construída a partir da razón: un imposible (Pallarés 1992: 22).

**3.** En conversa con Carmen Blanco, Carvalho avisava de que “á luz do existencialismo, a miña poesía ten unha certa posibilidade de ser xustamente interpretada, porque é poesía da existencia” (Blanco 1988: 205). A afirmazón acai-lle especialmente a *Saltério de Fingoi*, libro editado por Galaxia en 1961 e cuxo título actualizamos segundo *Pretérito imperfecto*. É obra fundamental no labor poético de Carvalho, imprescindíbel para entendermos os libros posteriores. Garda evidente relación coa peza teatral *Auto do prisioneiro* (1969)<sup>2</sup> e tamén coa reflexión de xinea existencialista de autores aparentemente tan diversos como o Blanco-Amor d’*A esmorga* (1959) e os xovens poetas da “Escola da Tevra”, mais pode –de maneira máis ampla– inserir-se igualmente no proceso de desacralización experimentado no mundo occidental nos últimos séculos e consolidado no XX, tal como –e desde perspectivas ideolóxicas mui diferentes e até contrapostas– teñen analizado estudiosos do mito como Mircea Eliade, Furio Jesi, Durand, Franz K. Mayr ou Garagalza.

A angústia invade *Saltério* porque o poeta constata, fóra xa de toda dúbida ou esperanza, ser só oficiante dunha litúrxia para un deus ausente, autor de absurdos salmos sen destinatario, deitados ao vazio. Somos orfos, cadelos deixados polo dono, semente a xermolar e medrar para a gadaña da morte, bacantes dun Dionisios que se oculta e se nega, pura continxencia na nosa soidade radical, na “ceibidade inútil” (asi en “Ti que procuras a infinda liberdade”). Nen sequer nos é dada a paixón e o inconformismo do herói; nen anxos rebeldes podemos ser: non hai fado ao que se opor, límites par alén do humano, deuses aos que dirixir a nosa negazón luciferina. Somos libres nun mundo sen porqué nen para que, rexido polo Absurdo.

Ese é o froito reservado para os “fillos de Eva”, a esa terrível descuberta os levan o seu racionalismo, a teimosa separazón da natureza e da animalidade, a ironía e a escisión, a caída no “tempo da Historia” –un tempo sen rotura nen misterio, amorfo, linear, cun comezo e cun final– e nun espazo que deixou de ser cosmos e retornou ao caos, relativo, fragmentado, carente dun centro.

Desde este baleiro escribe Carvalho os poemários posteriores: o cepticismo, o afastamento do mundo e o retiro no eremitório, a renúncia e a amargura preenchen as páxinas de *Futuro condicional* (1961-1980) –en especial as da sección titulada “Excalibur”–, dos apartados VII e VIII de *Cantigas de amigo e outros poemas* (1980-1985) e dos apresentados como “Névoa de sol”, “Ponte de ar” e “Arredor de si” de *Reticências* (1986-1989).

<sup>2</sup> Recollido en Carvalho Calero (1982).



### III. MITOS PARA UN EXÍLIO: “SE AVALON É A ILHA DAS MAÇÁS...”

1. Para o hermenauta Luis Garagalza, a filosofía occidental –en realidade toda a filosofía, en canto afastamento do pensamento mítico– establece a distinzón entre o eu que pensa e as cousas pensadas, tendo os seus alicèrces no dualismo. A fractura definitiva entre a Tradizón (Mito) e a Filosofía produce-se, sempre segundo el, coa adopzón do aristotelismo como doutrina oficial da Escolástica. Con Descartes o larvado dualismo aristotélico tornaria-se explícito. E engade: “Se consume de esta manera ‘la victoria de los iconoclastas’, bajo cuyo signo se sitúa todo el occidente fáustico o heroico” (Garagalza 1990: 35).

Interesa-nos salientar como o anseio heróico de ultrapasar os límites da humanidade –por sendo finitos queremos acadar a infinitude, en paráfrase carvalliana– acaba derivando na negazón iconoclasta de calquer forma de transcendéncia. Camiño cara a desacralizazón e a desmitoloxizazón, como o percurso feito pola poesía de Carvalho tentou amosar.

Mais Carvalho é realmente fillo do século XX, como fòrmosamente recoñece no xa mencionado “A Álvaro Cunqueiro, 1980” de *Futuro condicional*. Se nos últimos anos a “Poética do Imaxinário”, con Durand á fronte, e a Hermenéutica teñen exemplificado e reflexionado sobre o retorno ao mito, os poemários posteriores a *Saltério de Fingoi*, e mui nomeadamente os dous últimos, sitúan a Carvalho nesa liña. De novo a súa obra, aparentemente estraña e difícil de contextualizar, se situa na vanguarda, e non só galega.

2. O interese polo mito revelava-se xa no Carvalho xuvenil, o de poemas como “Abisag” en *Vieiros* e “O sexo do anjo”, “Branca cobra que danzas” –figura en *Pretérito* co título “Unha bailarina”– ou “Anjo e serea” en *O silencio ajoellado*. Poden chocar nun principio os numerosos poemas míticos de *Saltério*, libro fulcral no proceso de desacralizazón e desmitoloxizazón: “Rondel do anjo do Paraíso”, “Helena regresa a Esparta”, “Graal”, “In memoriam” e “Salomé” –ambos centrados na “femme fatale” bíblica e no Bautista–, “A Bacante e Dionisos”. “A Rosalía” e “Ghandi” tornan materia mítica dúas figuras históricas, exercicio mui frecuente por parte do último Carvalho.

*Saltério de Fingoi* é o enfrontamento ao vazio que os “fillos de Eva” do noso Occidente fáustico e heróico obteñen como froito, mais enxerga



xa o retorno ao mito e a unha sacralidade heterodoxa, non suxeita aos corsés das relixións oficiais, como posíbeis vías de salvazón. Ou de supervivencia ao menos. As seccións “Venusberg” e, mui especialmente, “Avalon” de *Futuro condicional*, as séries III, IV e V de *Cantigas de amigo e outros poemas* e o apartado “Ilha de luz” do póstumo *Reticências...* permiten seguir os pasos do mito na poesía de Carvalho.

**3.** Cláudio Rodríguez Fer ten inventariado minuciosamente as referencias míticas na obra de don Ricardo (Rodríguez Fer 1987, 1989). Destaquemos entre as greco-latinas as de Tántalo, Vénus e Anquises, Ulises e Nausícaa, Pentésilea e Aquiles, Helena; David e Abisag, a raíña de Saba, Eva, Lilith, Babilónia, Salomé entre as bíblicas; Hilde, Sigfrido e Brunilda, Venusberg entre as xermánicas. E se o mito artúrico estaba xa vivo en libros anteriores, fai-se case omnipresente nos derradeiros. A historia de Tristán e Isolda, máxima realización do concepto de amor-paixón tan querido polo noso autor, figurava xa en “O canto de Tristán” e “Petit-Cru”, ambos de *Futuro*, e domina as seccións III e IV de *Cantigas de amigo e outros poemas*; “Ilha de luz”, en *Reticências...*, xira en torno ao mito do Graal.

**4.** Que o mito non é para Carvalho ourivesaria culturalista pode doadamente deduzir-se de todo o anteriormente dito. O mito é un requintado produto cultural, mais é sobretudo unha tentativa de achar-lle ao mundo un sentido que a razón nos nega, de iluminar o espazo de sombra que mora no centro de nós propios, de eternizar o condenado a ser efémero, de soñar con todos os que nos precederon, de indagar no que nos fai comúns a todos os humanos e compartir cos que veñan esa sabedoria. De teimar aínda en ser “fillos de Lilith”, livres da tiranía da razón e do peso da culpa. Nese mundo ideal, pero carnal, que é o Avalon creado polo desexo, non hai separación, dualidade, distancia ou contradición. Nel conviven a gravidade e a lixeireza, o sublime e o prosaico, como na propia poesía do derradeiro Carvalho. Interrogado por Francisco Salinas a respecto do contraste entre o culturalismo e o gosto polo cotidiano e mesmo ánti-poético nela, avisa:

Para min non hai dualidade, é dicer, que para min eses mitos literarios, eses mitos relixiosos que ás veces utilizo na miña poesía son vivencias mui directas, porque me parece que expresan sentimentos, traxédias, enigmas da civilización en que estou inmerso (Salinas Portugal 1991: 86)

Fica sempre a dúbida de se Avalon, Salomé, Anquises, Isolda, Artur..., son só palabras. Mais Carvalho quere crer –de novo como Cunqueiro–



que dizer = ser. Nomear as presenças da infância em “Ferrol, 1916”, de *Futuro* ou o lecer de soldado nunha pequena vila durante a Guerra Civil en “Viage”, poema de *Saltério de Fingoi*, tornar eses ambientes e feitos irrelevantes matéria mítica, é fazé-los existir plenamente, para alén do tempo. O linear e precipitado da História acabará por esvaír a memória da “Guerra dos seis dias”, do suicídio de Eva Braun á par de Hitler, do accidente de Chappaquiddick que truncoou a carreira política de Edward Kennedy, do paso do cometa Halley ou da traxédia do Titánic e da dunha viaxeira que se chamava Mistress Strauss; ficarán porque son xa mito, fragmentos roubados a un tempo irreversível. A palabra dá vida e torna a ser sagrada, como no texto de *Reticências...*:

As palabras nom devem profanar-se. É o logos  
quem configura o cosmos. Se as degradas,  
envilecem as cousas e afeiam o que é belo.  
Nom uses o dialecto do demo: el parodia  
como um macaco gárrulo a linguagem de Deus.  
Nom nos pés, na cabeça está a crisma dos seres.  
Que se eleve a tua voz, sacrifício, às alturas.  
Se chamas pam ao pam e vinho ao vinho,  
a transubstanciaçom fás impossível.  
Hai que dizer corpo e sangue do nosso  
senhor Jesus, e fará-se o milagre.  
Nom som os accidentes,  
mas a substância a realidade. É  
a do portento, nom a da norma, a verdade.  
Nobre linguagem arma cavaleiros  
os dias como os feitos mais obscuros;  
e fai damas, ou fadas, ou rainhas  
as ditas e as desditas mais vulgares.  
Nom é quiçá possível  
sermos felizes, mas linguagem pura  
e decorosa pom formosas toucas,  
belas coroas, prateados elmos,  
diademas gentis, enfeites cintilantes  
ás pobres cousas, e se nom ditosos,  
podemos ser formosamente desditados.  
As obscenas palavras que o dianho badua  
som mentirosas. *Omnia munda mundi*.  
A soluçar, acaroam-se à pia  
baptimal, as despidas criaturas.  
Água lustral veste a sua carne triste  
de honestos nomes, que lhes dam acesso

ao céu, onde um lugar terám, à destra  
ou à sinistra do Verbo. A palabra  
mais antiga é que a cousa, a palabra arquetípica,  
sempre viva na mente  
do Criador. A cousa é sombra  
da palabra, fume de lume, calco  
de pé. Deus é a palabra.  
Tu nom blasfemes sacrilegamente  
envilecendo o mundo que a palabra criou,  
cobrindo de imundícia o rosto do criado,  
empregando as contrapalabras torpes  
com que o Maligno contrafai o Ser,  
na sua pretensom de destruír  
a obra do *fiat* do Divino Verbo.

**5.** Se o mito é para Carvalho superazón do tempo irreversível da História, cabería atribuír-lle unha funzón similar á que ten aínda para a dereita? Podería-se pensar o mesmo de Luís Seoane? Neste os protagonistas do mito son as camadas populares, as que ergueron a Compostela medieval, a ponte de Brooklyn e os arraña-ceus dos desvairados países da emigrazón: os que sempre siléncia a História oficial. Mito contra a História, efectivamente. Contra certa História.

En Carvalho Calero o proceso de remitoloxización garda moita relación, como xa apuntámos, co que se está a desenvolver desde a Hermenéutica e a “Poética do Imaxinário”: mito como crítica radical do racionalismo occidental, o androcentrismo e o eurocentrismo, alícerces da visión heróica que sublima a incapacidade para aceptar ser o que se é.

*Reticências...* é un libro revelador, na mesma ambigüidade do título, da que caracteriza a posizón vital do Carvalho último: reserva a respeito da posibilidade de achar un sentido e omisión de calquer xuízo definitivo; confianza, no distanciamento de que non se quere fazer demasiadas ilusións, en que haxa unha transcendéncia, uns puntos suspensivos nos que nos agarden Avalon e o cumprimento da verdadeira vida, paixón non representada polo peso da razón, realización do desexo sen temor á proibición e á expiazón da culpa. O mesmo que neste poema de *Cantigas de amigo*:

Se Avalon é a Ilha das Maçás,  
eu quero ir a Avalon, e dormir esperando-te  
todo o tempo preciso, para que me ofereças  
algumha noite o fruto que me negas agora.



Recuperada a tua alma de fada,  
hás-me tratar com magnanimidade,  
e dormirás comigo sob a maceira  
paradisíaca, sem medo à repressom  
de invejosas potências ou ciúmosos poderes.  
Será um sonho gentil, sem mágoa, sem remorsos.  
Um sonho como a vida, como a morte.  
Por isso eu quero ir a Avalon, a Ilha  
das Fadas e as Maçás.

Teimar en crer aínda no mito é loitar por nos salvar da temporalidade, do caos e da individualidade. Avalon é o paraíso de Lilith, tempo primordial, espazo na súa centralidade, unidade e superazón da escisión. Nel reina o principio feminino, capaz de conciliar os contrários e de tornar compatíbeis carnalidade e divindade. Lilith e Xenevra acadan a totalidade divina sendo intensamente humanas:

Genevra e o Graal nom som incompatíbeis.  
Lançarote pode ser Galaaz.  
Nas rosas da Rainha circula a luz do Vaso.  
Da muller nasce o deus.  
Para que a humanidade comungue a divindade,  
tem a feminidade que mediar,  
oferecendo o berce do seu ventre  
como albergue e matriz da teofanía.  
O interior do recinto abobadado  
é, sombra ardente, assi fonte de luz.  
E penetrar na catedral escura  
é procurar o altar onde o sol resplandece.  
Pois Lançarote e Galaaz som Jano,  
duas caras da mesma arela de Além-Ser.

O mito artúrico, como acima indicámos omnipresente na sección “Ilha de luz” de *Reticências...*, é submetido por Carvalho a unha revisión por veces irónica, sempre dando protagonismo ao feminino e tentando abolir unha visión patriarcal tinxida de racionalismo e heroísmo á maneira occidental. A muller, ser superior para Carvalho, “Vénus de contido variábel, / Eva de encarnacións sucesivas, / intensamente efémeras” (*Futuro*, páx. 137) é, noutro poema non mítico deste último libro, a superadora de todos os conflitos que empecen a fruición sen límites da existencia ao varón. Os “fillos de Eva” teñen que aprender a ser, gozosamente, como as “fillas de Lilith”:

Como aquel encontro fora  
un paréntese nas vidas de ambos,  
e na realidade anterior a ese encontro  
non había precedentes que o preparasen,  
era mui natural a dúbida  
sobre a actitude que ela adoptaría  
cando, fechado o paréntese  
se tropezasen entre o tráfico habitual.  
El non sabía se o diálogo remataría  
ou se este se produciría intermitentemente  
como unha série de parénteses exclamativos  
que curtan unha monótona frase lóxica.  
Ou se os parénteses ían prolongar-se  
até perder o seu carácter parentético  
e establecer unha nova formulación vital.

Temía o momento da súa aparición.  
O sangue acumulado no seu rosto  
¿repudiaria o súbito abandono,  
o esquecemento imotivado,  
o mergullón profundo no mallente  
sen vestir-se o bikini,  
sen quitar-se o bikini,  
aquele ar de afogada voluntaria,  
de naufraga feliz?  
¿Ou, sen arrepender-se,  
permanecería indiferente,  
já satisfeito o efímero anseio exploratorio,  
rotos os compromisos non contraídos nunca,  
rematada a experiencia instrumental?

À espreita na terraza do café,  
veu-na sair, rodeada das persoas  
que constituían o seu contorno jurídico,  
o seu límite legal.  
Non acusaba alteración algunha no semblante,  
falaba e ría coa naturalidade  
necesaria e suficiente.  
E de súbito, veu-no.  
¿Registaría o golpe  
revelando a colera do cómplice já frio?  
¿Ficaría indiferente,  
situación liquidada,  
pasado ingravido que se borra sen dor?



¿Cruzaria a rua, expondo-se  
ao atropelo dos carros,  
à multa dos policías,  
para dar-lle unha aperta e enguerellar-se a el,  
abandonando os límites legais,  
deixando estupefactos aos que a acompañaban?

Non fixo nada disto.  
Os seus ollos, a sua boca  
enviaron-lle raiolas, bicos invisíbeis,  
promesas de parénteses frecuentes,  
lediza de lembranza  
que evocaba sen remorsos, sen medo.  
Mais seguía co seu grupo,  
avanzou falando e rindo,  
volveu-se a ollá-lo sen receio nen ostentación.  
Era fiel à sua vontade,  
mais non desorbitaba os feitos.  
Os parénteses de tolície  
non excluían o discurso da prudéncia.  
El veu que para ela non habia problemas,  
que era capaz de facer compatíbeis  
arbítrio e norma.  
O conflito era un soño  
da sua psicología moral de varón.  
Ela, Vénus cósmica,  
abrangia noite e día,  
sol e lua,  
palabra e silencio  
na sua aperta à vida,  
reino cujas múltiples chaves,  
como un monllo de flores ou de pombas,  
sen que unha lle caíse,  
sen que unha lle voase,  
sen renunciar a nada,  
conservaba na man.

#### IV. CODA

---

Remitoloxizar para tentar voltar a crer na transcendéncia, agora sen  
excesivas preguntas, sen o tormento da razón que todo o analiza e  
disecciona. Talvez, como o Perceval implicitamente evocado no

poema de *Reticências...* con que findamos, a divindade acudiu a nós e non a percebemos, torpes e cegos os nosos sentidos. Hai que esperar a Godot con despreocupada esperanza, coa tímida ilusión de quen xa coñeceu o vazio e invexou a inocéncia das rolas e de todos os seres conformes coa súa identidade:

Aqui me téis, querida,  
esperando a Godot.  
Nom sei como se escreve  
esse nome, nem menos o endereço  
dessa pessoa física ou jurídica,  
quer individuo, quer razón social.  
Tamém ignoro o número  
que leva o seu teléfono,  
assi que me é impossível  
escrever-lhe ou telefonar-lhe, para  
saber cando virá, se está em caminho,  
se já saiu de sua casa, se  
contra o que me dím, nom  
tem intención algunha  
de acudir a este punto.  
Se está a vir para aquí,  
na sua casa –penso– ficaria  
algunha outra pessoa  
que o represente –familiar, servente–,  
que o teléfono colha e que vazie  
a caixa do correio  
e poda responder ao que eu pergunto.  
Mas como nom posúo  
o endereço postal nem telefónico  
do esperado, nem sei se tem teléfono  
nem domicilio fixo,  
outra cousa nom podo  
fazer, mas esperar.  
Ao melhor chega a noite, e eu, já canso,  
durmo-me, e el acode enquanto durmo,  
e nom quer que eu acorde, e passa, e eu,  
à seguinte manhã, cando desperte,  
nom saberei que estivo aquí. Talvez  
nom deixem os seus pés calco nengum.  
Tenho que esperar, pois, nada seguro  
de que há de chegar, mas  
nom tenho alternativa.



Aqui me tés, querida, pois. Nom podo  
por isso ao teu encontro  
acudir. Gostaria de fazê-lo.  
Mas é impossível. Tenho o compromiso  
ineludível de esperá-lo a el.  
Pode chegar cando menos se espere;  
como um ladrom, pode chegar oculto  
nas trevas espessíssimas da noite.  
Devo velar para atendê-lo, pois.  
Tamém pode mandar-me um mensageiro  
a quem receber devo  
como o respeito que lhe corresponde.  
Já vês, querida, devo estar à espreita.  
Non podo ir ao teu encontro. Mas  
se tu queres estar comigo, podes  
vir aqui a acompanhar a minha espera.  
Nom che podo ofertar comodidades.  
Aqui, sobre esta ponte,  
vendo fluir o rio,  
à intempérie, nom estarás mui bem.  
Mas se queres, comigo esperarás.  
Esperaremos juntos,  
e agradecer-cho hei.  
Se cansas, beijarás-me e marcharás-te  
E eu terei que deixar-te,  
se estás comigo ainda,  
cando vinher, se é que vinher, Godot.



## REFERÊNCIAS BIBLIOGRÁFICAS

---

- Blanco, C. (1988): *Conversas con Carballo Calero* (Vigo: Galaxia).
- Carvalho Calero, R. (1982): *Teatro completo* (Sada: O Castro).
- Garagalza, L. (1999): *La interpretación de los símbolos. Hermenéutica y lenguaje en la filosofía actual* (Barcelona: Anthropos).
- Losada, Basilio (2000): "Sen reticencias: dúas palinodias", en Rodríguez, J. L. (ed.): *Estudos dedicados a Carvalho Calero*, II: 259-262 (Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia/ Universidade de Santiago de Compostela).
- Pallarés, P. (1992): *Fillo de Eva. 88 poemas de Ricardo Carvalho Calero* (Ferrol: Esquíu).
- Rodríguez Fer, C. (1987): "Mito e historia na poesía de Carvalho Calero", *Agália*, 11: 293-319.
- Rodríguez Fer, C. (1989): "A temática cultural na poesía de Carballo Calero", *Poesía galega. Crítica e metodoloxía* (Vigo: Xerais).
- Salinas Portugal, F. (1991): *Voz e silencio* (entrevista con R. Carvalho Calero) (Vilaboa-Pontevedra: O Cumio).